

#ParqueVibras

Concurso dos Parques Naturais
de Galicia para estudantes
de 3º e 4º da ESO

Crea un vídeo para redes sociais
e **gaña unha excursión para toda a
túa clase!**

#ConcursoNaturezaGalicia

#ParqueVibras

#DescubreParquesGalicia

www.parquevibras.gal

Boas:

Escribímosche desde a Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia para informarte sobre o **concurso #ParqueVibras**.

Esta iniciativa enmárcanse dentro das nosas accións dirixidas a **sensibilizar aos estudantes de Secundaria sobre o valor do patrimonio natural** de Galicia e, en concreto, dos **parques naturais**. Coa vosa participación queremos que a mocidade coñeza estes espazos únicos para que poidan valoralos e preservalos.

#ParqueVibras é un concurso no que a divulgación ambiental farase a través dun dos mellores medios cos que conectar actualmente coa xuventude: **as redes sociais**. En concreto, os participantes deberán crear un contido para Instagram, TikTok ou YouTube (nas contas do centro ou unhas específicas creadas para o concurso) no que respondan a estas tres preguntas clave:

- Que significa para ti un parque natural?
- Cal é o mellor parque natural de Galicia e por que?
- Como podemos axudar á súa conservación?

Os **premios** consistirán nunha **excursión a un parque natural de Galicia para toda a clase** dos alumnos/as gañadores en cada categoría.

#ParqueVibras vai dirixido a **estudantes de 3º e 4º da ESO** de calquera centro educativo de Galicia. Poderán participar individualmente ou en grupo (sempre que sexan da mesma clase) e para elo necesitarán a colaboración dun profesor/a para validar a súa inscrición no concurso a través [deste formulario](#).

Co obxectivo de que tódolos mozos coñezan os parques naturais galegos, a súa biodiversidade e como participar de forma activa na súa conservación, achegámosche varias ideas e recursos nos seguintes enlaces:

- [Web do concurso #ParqueVibras](#)
- [Web da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente](#)

Coma profesor sabes da importancia deste tipo de iniciativas para por en valor o noso patrimonio natural. Por iso animámoste a participar.

Calquera dúbida, non dubides en escribirnos.

Un saúdo